

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa ao colapso dos xulgados do social e medidas para superar a situación.

Os órganos xurisdicionais galegos son insuficientes para atender ao volume de asuntos que ingresan, en particular na xurisdición do social. Os asuntos en trámite ao remate do ano 2013 acadaban en Galicia a cifra de 162.575. Dos cales na xurisdición do social resolvéronse 32.058 asuntos, pero entraron 34.204. Esta rama da xustiza constitúe o espazo de maior colapso, cunha taxa de conxestión (cociente onde o numerador expresa a suma dos asuntos pendentes ao comezo do período e dos rexistrados nese período, sendo o denominador os asuntos resoltos) total do 1,4, por riba da media estatal, chegando a valores de 2 no social.

Se un dos baremos que se empregan para medir a calidade da xustiza mide a porcentaxe das sentenzas ditadas por maxistrados e xuíces de carreira, nos xulgados do social Galicia ten un problema. As sentenzas asinadas por un titular representan o 75,3%, 10 puntos porcentuais por baixo da media estatal, que se desborda nos epígrafes das substitucións (14,3%, fronte o 8,3% no Estado) e reforzos (5,1% respecto o 3,6% estatal).

Outro dos parámetros para medir a calidade da xustiza é a duración estimada dos asuntos e neste apartado o incrementos dos meses de demora na resolución dos asuntos creceu de xeito notable. En todos os tipos de asuntos do social: conflitos colectivos, despedimentos, cantidades, Seguridade Social, dereitos fundamentais e

liberdades públicas, procesos de impugnación de actos administrativos, etc., aumentan nunha secuencia sostida dende 2009, o cal deixa en pésimo estado a caracterización do PP de non crear novos órganos xudiciais. Só nos asuntos do social abordados polo TSXG o tempo medio para a súa resolución pasou de 6,9 meses a 9,5 meses.

Esta radiografía xeral concrétase en Galicia na saturación desa xurisdición. Así en a Coruña, os cinco xulgados do social e o de reforzo duplican en todos os casos o módulo establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Non se cobren as vacantes nesta xurisdición como tampouco nas outras, ao punto de perder dende 2012 un 5% dunha xa daquela insuficiente plantilla xudicial. Dende setembro do ano pasado as demandas non se poden sinalar, porque a axenda deste 2015 xa está completa e a do 2016 aínda está pechada.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE achega a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Como valora a Xunta a saturación dos xulgados galegos en particular a situación que se vive na xurisdición social? Entende o goberno galego que o colapso dos prazos no social permite á administración de xustiza facer xustiza?
- Que requerimentos realizou de xeito fehaciente a Xunta ao Estado para instar a creación neste último lustro de novos órganos xudiciais?
- Que demanda formal vai realizar a Xunta de Galicia ao Estado para conquistar a creación dos novos órganos xudiciais demandados nas últimas memorias dos xulgados e tribunais de Galicia, en particular aos novos xulgados do social en A Coruña, Compostela e Vigo?
- Vai a Xunta de Galicia a cubrir todas as vacantes existentes nos xulgados e xerar oferta de emprego público para a administración de xustiza galega de maneira que se recupere e amplíe a plantilla que alomenos había no 2012?

En Compostela, 20 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 20/01/2015 14:27:10**